

NORMATIVA DE CONVIVENCIA E CONDUCTAS PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS

XULLO 2025

A continuación preséntanse a *Normativa de convivencia e Conductas prexudiciais para a convivencia e medidas correctoras* contempladas nas NOFC do Centro.

O Centro é un lugar para convivir e formarse humana, social e profesionalmente. O obxecto da normativa é formar ós alumnos nestes aspectos e supón un exercicio de responsabilidade, compañeirismo, educación e respecto. É unha garantía de boa convivencia, xa que axuda a crear un axeitado clima de traballo, tanto nas aulas coma noutros espazos do centro, favorece a aprendizaxe e facilita o logro dos obxectivos. Tamén serve para acadar competencias e manter un elevado índice de éxito escolar.

Por iso, todo o profesorado do Centro velará polo cumprimento do Plan de Convivencia, lembrándoo e correxindo ó alumnado cando sexa preciso, independentemente do curso no que estea matriculado. Segundo a gravidade do incumprimento, e no caso de que o alumno ou alumna non atenda ás indicacións recibidas, comunicarse ó titor ou á instancia oportuna, aplicándose as sancións correspondentes dacordo á presente normativa.

O trato respectuoso e correcto considérase obxectivo prioritario para todo o persoal do Centro. Polo tanto utilizaranse expresións e modos acordes cas normas básicas de educación: “por favor”, “gracias”, “perdón”, etc. Procurarase ceder o paso, saudar, sorrir, ser serviciais, etc. En xeral, serán de aplicación as normas de educación e cortesía en todo momento e lugares do centro, coidando as formas no trato tanto co profesorado como cos compañeiros, evitando as palabras malsoantes, tacos e blasfemias.

1. CLASES

A educación secundaria e os ciclos formativos teñen carácter presencial, o que significa que as clases son un instrumento principal e insustituíble de aprendizaxe. Coidarase ó máximo a puntualidade nos horarios, de xeito que cando o profesor/a entre na clase todos os alumnos deberán estar na aula. No caso de impuntualidade, antes de acceder á aula, o alumno/a solicitará autorización ó profesor.

As faltas de asistencia deberán estar xustificadas. A xustificación farase ó titor/a de curso; ademais, o profesorado levará o control de asistencia mediante o parte de faltas correspondente.

No caso da Formación Profesional, as faltas de asistencia cando superan o 10% de duración do módulo supoñen a perda do dereito á avaliación continua. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado individualmente valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno na xustificación desas faltas. As visitas de estudo, faladoiros técnicos e culturais, xornadas, cursos, etc, consideraranse actividades docentes. Rexen, polo tanto, as mesmas normas que para as clases.

A forma de intervir nas clases propoñeráase a cada profesor/a ao inicio de curso, así como o sistema de avaliación e a marcha xeral da materia ou módulo. En calquera caso, non se interromperá a quen estea no uso da palabra, mantendo unha actitude de escoita atenta e respecto ás opinións dos demais. Así, cando se queira formular unha pregunta ou intervir, como norma xeral levantarase a man, permanecendo en silencio á espera de que o profesor outorgue o turno de palabra ó interesado.

Para acadar os obxectivos previstos nas diferentes etapas educativas, é importante o esforzo persoal do alumnado nas diferentes materias e módulos, tanto nas horas de clase como nos tempos adicados ó estudo, para o cal contará coa axuda e apoio do profesorado, que manterá informada á familia -no caso dos menores de idade-. Este é un dos temas a tratar na tutoría presencial cos tutores legais do alumnado na procura do seu éxito académico.

Durante a actividade lectiva, o ton de voz será o adecuado a un entorno de traballo esixente, para facilitala concentración e a atención de todos nas súas respectivas tarefas, permanecendo sentado cunha postura axeitada e evitando moverse pola aula sen previa autorización. Neste sentido, toda a comunidade educativa poñerá especial empeño en manter o silencio durante as horas de estudo previstas na xornada escolar.

Ten que coidarse a orde do material nas clases, corredores e exteriores evitando que os libros, papeis e outros obxectos estean fóra de lugar. A estes efectos existen papeleiras, armarios, etc. Informarase ó profesor/a de garda dos danos que se producen nese día. O presidente/a de curso estará pendente destes temas.

Por respecto ó persoal de administración e servicios procurarase manter a limpeza do Centro, evitando -por exemplo- escribir nos pupitres e tirar papeis ou líquidos ó chan. A mesa e cadeira asignada ó inicio de curso, debe manterse totalmente limpa ata rematar o mesmo. Así, a persoa que por calquera motivo ensucie as instalacións, responsabilizarase de revertir a situación, encargándose da limpeza do que corresponda, salvo que sexa precisa a intervención de persoal profesional. Neste caso, a súa obriga é informar ó profesorado de garda -que será o que xestione a situación- e asumir o custo segundo o previsto no apartado adicado á Fianza, de ser o caso.

Non está permitido comer, beber, nin mascar chicle durante as clases e estudos (agás situacións médicas que o precisen) . Está totalmente prohibido fumar no recinto escolar, así como o uso de *vapers*/cigarros electrónicos.

Para a utilización do material bibliográfico e informático do centro consultarase á persoa encargada. Os ordenadores utilizaranse só con fins educativos, sempre dacordo ás indicacións do profesorado, e o uso do móbil non está permitido (véxase punto 2, relativo ós aparellos electrónicos).

RECREOS

Pódense utilizar as máquinas de café e bebidas nas horas do recreo, sempre tomando esas bebidas na zona das máquinas ou no exterior dos edificios: non se levará ós pasillos nin, por suposto, ás aulas. Estas indicacións respecto ó consumo de bebidas, aplícanse tamén ós bocadillos e froita que se entregan en ESO e CM. No caso dos Ciclos Superiores, é o comedor o lugar indicado para o café / merenda proporcionado pola EFA.

Coidarase tamén o ton nos recreos, mantendo una actitude correcta e coidando o vocabulario, xa que descansar e divertirse non é incompatible coa boa educación. Para fomentar o descanso activo e a relación entre compañeiros, o centro pon a disposición do alumnado material lúdico e deportivo, que deberá ser tratado co debido coidado . Por iso, como norma xeral, o alumnado non permanecerá nos pasillos ou aulas durante os tempos libres, agás para a utilización das mesas de xadrez dispostas.

Ningún alumno menor de idade poderá saír do centro sen a autorización expresa dun profesor.

2. NORMATIVA RELATIVA Ó USO DE TELÉFONOS MÓBILES E OUTROS APARELLOS INFORMÁTICOS E MULTIMEDIA.

Os teléfonos móbiles son instrumentos básicos de comunicación que, polas grandes prestacións que posibilitan, pertencen ao grupo dos aparellos das tecnoloxías de información e comunicación. Sen embargo, estes aparellos pódense converter en ferramentas de agresión ós dereitos fundamentais das persoas de non facer uso responsable e respectuoso das mesmas. Aconséllase non traer o teléfono móbil ó centro se non é necesario, pero dado que hai alumnado que precisa utilizalo antes ou despois da xornada lectiva (por exemplo, para avisar á familia na parada de autobús), permitírase o acceso ó centro educativo co mesmo, sempre que se respecten as seguintes indicacións.

O alumnado non ten permitido o uso de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, reprodutores de música ou imaxes, auriculares e aparellos análogos **en todo o recinto escolar**, tendo ademais que estar apagados e gardados. O incumprimento desta indicación terá a consideración de conducta perturbadora do normal desenvolvemento da actividade lectiva a tódolos efectos referidos no artigo 38 do Decreto 8/2015, o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 e da orde 4/1/24. Excepcionalmente, será permitida a utilización destes elementos de xeito puntual nos tempos libres ante situacións de necesidade ou para un uso con fins pedagóxicos, pero sempre baixo a autorización previa e expresa do profesorado. No caso de incumprimento por parte do alumnado, este será amonestado verbalmente por

parte do personal docente e poderáselle requirir a entrega inmediata do dispositivo en dirección ou ó titor correspondente. Se o incumprimento é grave ou reiterado, poderáselle prohibir o acceso ó centro con calquera clase de dispositivos electrónicos. Para garantir a non utilización de elementos electrónicos e evitar distraccións durante as actividades lectivas, o centro pode solicitar que o alumnado deposite os dispositivos nun lugar indicado ó entrar na aula, recolléndoo á saída.

O centro non se responsabiliza da perda, rotura ou avaría de teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo que os alumnos porten nas instalacións do centro.

O centro pon a disposición dos alumnos ordenadores e redes informáticas que deberán ser empregados de xeito responsable cunha finalidade estritamente educativa. O uso indebido ou sen o debido coidado de dito material, poderá supoñer a supresión temporal o total da autorización para a súa utilización. O alumnado poderá empregar ordenadores persoais no Centro sempre que contén coa autorización da Dirección ou no seu defecto do titor de curso.

Non se permite crear, modificar, gravar, reproducir ou intercambiar información dixital ou dixitalizada de contidos que atenten contra a dignidade e integridade das persoas ou calquera dos seus dereitos universais e constitucionais ou que vulneren a lexislación vixente. Asemade, tampouco se autoriza o acceso telefónico ou informático a páxinas ou portais con tales contidos.

Dada a posibilidade de graves implicacións posteriores, cómpre salientar que está estritamente prohibida a gravación e a difusión de imaxes por calquera medio nas rutas de transporte, nas instalacións do Centro, e nas actividades organizadas por él, sen expresa autorización da Dirección (ou, por delegación, autorización do profesorado).

O Centro resérvase o dereito de tomar as decisións e medidas que considere oportunas respecto do mal uso de ordenadores, teléfonos móbiles e outros aparellos das tecnoloxías da información e comunicación, así como de amonestar ou sancionar segundo a Normativa de Convivencia (como pode ser a non autorización para traer o teléfono móbil ó Centro en adiante) e, incluso, demandar segundo a lexislación vixente aplicable, a quen non respecte as normas de uso de ditos aparellos tecnolóxicos.

3. MODO DE VESTIR E PRESENZA.

A indumentaria será a axeitada dacordo á actividade a realizar. A asistencia ós actos académicos (inauguración, clausura, xornadas, clases e demais) farase coa roupa axeitada para a ocasión tendo en conta a natureza do acto. Como norma xeral, en toda actividade programada polo centro, utilizaranse prendas que non contradigan o ton formativo do

mesmo, non tendo lugar a utilización da roupa específica de deporte ou praia para a asistencia a clase, visitas de estudo e faladoiros, e dando por suposto a estrita hixiene persoal. As prendas de vestir deben estar en bo estado, polo que non está permitida a asistencia ó centro nin ás actividades programadas polo mesmo con pantalóns esfiañados ou caídos nin cas seguintes prendas de vestir:

- chanclas
- camisas, camisetas ou vestidos de tirantes.
- camisas ou camisetas demasiado curtas que ensinen o embigo.
- saias, vestidos ou pantalóns moi curtos (o límite está en 2 cm por enriba dos xeonllos).
- mallas
- chándal, roupa deportiva en xeral (ver “uso do chándal” a continuación)

Uso de chándal (roupa deportiva en xeral):

- Como norma xeral, o alumnado (tanto de Secundaria como de Formación Profesional) non acudirá ó centro en roupa deportiva. Só está permitida a asistencia vestindo chándal para participar en actividades deportivas organizadas polo centro, e sempre coa equipación oficial de Fonteboa (que inclúe pantalón e camiseta).
- Alumnado da ESO: só se autoriza a asistencia ao centro co equipamento deportivo oficial de Fonteboa o día no que o curso teña a materia de educación física (nesas clases é imprescindible o seu uso), así como nos días específicos dedicados ao deporte: Olimpíada Solidaria e Fonteboa Race. No caso de calquera outra actividade que precise do seu uso, o titor informará e autorizará previamente.
- Alumnado do CM de Guía no Medio Natural: autorízase a asistencia ó centro en chándal para a realización da actividade deportiva inherente ó ciclo os seguintes días: luns e mércores (1º curso), martes e xoves (2º curso). Ademais, os titores informarán doutras ocasións nas que será preciso o uso do equipamento deportivo da EFA, como poden ser determinadas visitas a empresas, faladoiros ou actividades deportivas en días diferentes ós indicados anteriormente.

Uso de roupa de traballo específica:

- O alumnado dos Ciclos Medios e Superiores de Formación Profesional deberán vestir roupa axeitada á natureza dos traballos prácticos que realicen tanto na escola como en empresas do sector, tales como calzado adecuado (botas de goma ou seguridade, por exemplo), pantalóns de augas, mono de traballo, chaleco reflectante, EPIs, etc, en función do sector e posto no que se atopen.
- En xeral, durante a realización de estadias en empresa (FCT, Alternancias, Job Shadowing, etc) o alumnado manterá un comportamento exemplar e unha indumentaria acorde á normativa do centro, adaptada á específica situación da actividade que se estea a desenvolver.

Non están permitidos símbolos, anagramas ou lendas que puideran molestar a outras persoas e que contradigan o ton formativo do centro. Non se permite asistir á clase coa cabeza cuberta. Ademáis, durante a etapa da educación secundaria obrigatoria non están permitidos os pendentes ou similares. O aseo persoal e a limpeza son fundamentais para a convivencia polo que se esixe esmero en ambos aspectos.

Por outra banda, a forma de comportarse con respecto ós saúdos, posturas, e outro tipo de comportamentos sociais, deberá seguir as normas da boa educación e ser axeitadas ó lugar e momento, polo que se evitarán as expresións afectivas de carácter íntimo no centro educativo e actividades organizadas polo mesmo.

4.- VISITAS DE ESTUDIO, CHARLAS, CONFERENCIAS, VIAXES DE ESTUDIO E OUTRAS ACTIVIDADES.

Como en tódalas actividades da EFA, cando se realicen actividades, coidaranse con esmero as normas de educación e de coidado de material. Así, por exemplo, deberanse coidar as posturas nas charlas, por respecto á persoa invitada e demais asistentes.

As visitas de estudo forman parte da programación do Centro e teñen carácter curricular. O profesor/a determinará a tarefa que ten que realizar o alumnado, relacionada con esta visita, tanto para os alumnos/as que asisten coma os/as que por algún motivo non o fagan.

Tódolos alumnos deberán levar caderno e bolígrafo para tomar notas, tanto nas visitas como nas charlas ou conferencias. Os que queiran poderán facer preguntas de modo ordenado.

Como regra xeral, nas actividades realizadas fora do recinto escolar (visitas e viaxes de estudo ou actividades culturais e de ocio) serán de aplicación as mesmas normas (móviles, modo de vestir e presenza, sancións, etc) que dentro das instalacións tanto durante a actividade coma no tempo de lecer se o houbera.

Na capela da escola realízanse actividades de formación espiritual, así como prácticas de piedade, polo que é convinte coñecer de forma elemental o comportamento ó respecto: no seu momento indicaránse as pautas correspondentes. En todo caso, dado que é un espazo de culto, e para garantir a liberdade relixiosa de toda a comunidade educativa, a actitude nese lugar sempre debe ser de máximo respecto, dacordo tamén co proxecto formativo do centro.

5.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE CURSOS.

Dacordo co noso proxecto formativo propio *Fonteboa Plus*, preténdese que o alumnado non só teña os coñecementos académicos axeitados, senón que ademais todos procuren ser de verdade boas persoas, cun carácter ben formado e con preocupación pola promoción do medio rural. Por iso, búscase o desenvolvemento de tódalas dimensións do talento dos alumnos e alumnas, mediante o exercicio das virtudes, de xeito que eles asuman persoalmente a responsabilidade desta tarefa.

Trátase de que os rapaces sexan os protagonistas dese cambio, que libres e independentemente desexen mellorar eles e a sociedade que os rodea, e non só cando están diante dos seus pais, educadores ou doutros profesionais. Búscase que os alumnos teñan máis coñecemento propio e espírito solidario, máis iniciativa cara o emprendemento e autodominio.

Por iso, dende o primeiro día, foméntase a participación do alumnado na vida do centro, asumindo as súas responsabilidades e suxirindo as melloras e actividades que consideren oportunas. Ó marxe de que o titor de curso sempre está dispoñible para atender a todo o que o precise, cada curso conta, dende o inicio da actividade lectiva, cunha Xunta de Autogoberno formada por presidente, secretario e vogal/vogais. Este é o órgano de representación ordinario do curso ante o profesorado e entre as súas funcións está a de colaborar para manter o benestar e o ton educativo do centro . O modo de organización e participación do alumnado recóllese na *Normativa de Xuntas e titores* (ver en Anexos).

Algunhas outras competencias da Xunta de Autogoberno son: organización de responsabilidades da aula, aspectos académicos, convivencias e actividades deportivas, suxerencias, etc, ademais da coordinación con outras xuntas (distribución de quendas, control da fianza, actividades xerais, etc.).

6.- ALIMENTOS E USO DO COMEDOR.

Na hora do xantar, procurarase a maior puntualidade ó entrar e saír do comedor, facéndoo coa debida orde e coidando o espírito de servizo en todo momento. O alumnado esperará no porche exterior. A entrada ó comedor farase cando o indique o profesor responsable do mesmo e realizárase con orde, evitando os empuxóns, mantendo o volume de voz axeitado, e evitando os berros, de xeito que se favoreza o benestar do resto de usuarios.

Cada día haberá uns alumnos encargados do servizo de comedor que realizarán as tarefas previstas baixo a coordinación do profesor responsable. Por unha razón de orde e eficacia,

só se dirixirán ao persoal de cociña cando poidan necesitar algo, aqueles alumnos que estean de servizo; e pediránlles as cousas con educación e respecto. No caso de que algún outro alumno ou alumna precise algo, dirixirase ó profesorado de garda quen atenderá a situación, non permitíndose en ningún caso o acceso á cociña.

Durante a comida procurarase gardar un ton de voz moderado así como respectar as normas de educación e hixiene correspondentes, tomando a comida utilizando os cubertos proporcionados e a servilleta. Cando se termine de empregar o servizo de comedor do centro, cada alumno individualmente recollerá o seu material, levando a bandexa e demais utensilios ó espazo previsto e deixando a mesa e cadeira limpa e ordenada para a seguinte persoa que acuda.

O servizo de comedor é unha actividade educativa máis da escola na que se desexa educar aos alumnos tanto na sobriedade no comer como en acostumar a comer toda variedade de comidas. Dacordo cos obxectivos de desenvolvemento sostible da ONU, tratarase de reducir o desperdicio de alimentos, polo que os usuarios do servizo de comedor tratarán de tomar os pratos que se lles sirven, indicando educadamente a cantidade desexada se a consideran excesiva para o seu apetito, de xeito que se aproveite ó máximo a comida. Isto pode permitir ademais que, no caso de que haxa excendente preparado despois de que tódolos comensais estean servidos, aqueles con maiores necesidades alimenticias (unha vez rematados os seus pratos), podan repetir. Para isto, seguiránse sempre ás indicacións do profesorado de garda. Para favorecer a orde e a limpeza do resto das instalacións, non se permite tomar os alimentos fora do comedor nin introducir refrescos ou calquera outro produto.

Os réximes de comida deberán estar fundamentados médicamente, e actuarase con responsabilidade e sentido común. A familia entregará o correspondente escrito médico onde indique o réxime ou dieta precisado.

Durante os tempos libres da mañá e da tarde, o profesorado encargado repartirá os bocadillos e froita correspondentes que o alumnado poderá tomar nas zonas de espacemento, preocupándose sempre de utilizar as papeleiras para os posibles residuos e evitando o desperdicio de alimentos. O alumnado de Ciclos Superiores de Formación Profesional seguirá as indicacións específicas que se transmitan para a pausa para o café da mañá servida no comedor, mantendo en xeral as indicacións referentes ó ton humano indicadas nos parágrafos previos.

O centro educativo dispón de máquinas de bebida para o uso libre e responsable da comunidade educativa, non estando permitido o seu uso por parte do alumnado durante os tempos de clase, e sempre tomando ditas bebidas no exterior ou nas zonas comúns previstas, nunca nas aulas. Por outra banda, non está permitida a entrada o centro con comida ou bebida do exterior.

7.- TRANSPORTE, DESPRAZAMENTOS E APARCAMENTO

Debido á dispersión xeográfica do alumnado, o centro conta con varias rutas de transporte contratadas. Ademais, con frecuencia, os diferentes cursos fan uso de medios de transporte para os desprazamentos en actividades organizadas polo centro. Como é lóxico, o comportamento nestes momentos debe ser o adecuado ás normas establecidas de educación, sendo de aplicación a normativa de convivencia indicada para o resto de instalacións e actividades do centro, de xeito que o transporte sexa un momento máis de socializar con respecto e amabilidade, falando con educación, sen bocaladas, groserías e blasfemias nin berros. Dado o perigo inherente a calquera desprazamento por carretera, é trascendental ser moi rigoroso no referente ó bo comportamento e actitudes do alumnado, polo que os usuarios que non respecten o traballo do conductor ou conductora e os dereitos dos compañeiros incumprindo as normas, poderán ser obxecto de sanción coa perda do dereito ó servizo de transporte escolar de xeito temporal ou definitivo.

As principais normas específicas a ter en conta son:

- Os alumnos usuarios deste servizo subirán e descenderán na parada indicada, esperando para iso a que o autobús estea parado. Unha vez dentro, sentaránse inmediatamente de forma correcta no sitio asignado, sen quedar de pé no pasillo nin levantarse, co cinturón de seguridade posto, e sen poñer os pés nos asentos. Non é o lugar para xogar entre asentos: pode supoñer un risco para a seguridade de todos.
- É obrigado facer caso a tódalas indicacións do chófer do bus e non molestalo nin distraélo mentres conduce.
- Débese coidar o material, deixándoo igual ou mellor do que se atopou (asento e cortinas ben colocados e todo limpo). No caso de atopar algún desperfecto ó entrar no autobús, débese comunicar inmediatamente ó presidente para que se lle indique o conductor. Cada alumno é responsable de calquera deterioro provocado no seu sitio e correrá cos gastos derivados do arranxo. A fianza é de aplicación no autobús para os desperfectos comúns dos que non se atopen os responsables.
- Non está permitido comer nin beber, nin -por suposto- o tabaco, vapors ou calquera outra sustancia ilegal.

Calquera cambio de parada debe ser autorizado polo titor de curso e polo profesor que dá a saída ó autobús e sempre tras comunicación previa dos pais, nais ou titores legais.

Para a organización do servizo de rutas de autobús elixírase un responsable entre os alumnos usuarios da liña (normalmente entre os últimos do traxecto, e sempre que sexa posible serán alumnos de 3º ou 4º ESO). As competencias son: revisar o bus sempre antes

de subir o resto de compañeiros e ó rematar o traxecto para visualizar posibles desperfectos, velar pola convivencia e cumprimento das normas, promover suxestións ante o condutor e profesorado e actuar de interlocutor entre os alumnos, o condutor e o profesorado. No caso de saídas por cursos, a Xunta de Autogoberno da clase responderá destas competencias.

O centro pon a disposición do alumnado de FP con vehículo propio un aparcadoiro debidamente sinalizado, con capacidade suficiente, a escasos metros do centro educativo. Por este motivo, e para non dificultar o tránsito de autobuses, familias e veciños, o alumnado procurará utilizar dito lugar, evitando estacionar na rúa. Non está permitido, polo tanto, o uso das prazas de aparcamento do interior do centro, quedando reservadas para o uso do profesorado, PAS e visitas.

8.– FIANZA.

Unha das ferramentas utilizadas para concienciar da importancia do bo uso e coidado do material do centro é a fianza, polo que todo alumno abonará a cantidade de 30 € ó incorporarse ó centro educativo. O alumnado da ESO fará o pago en man nos primeiros días de curso e os alumnos de FP mediante conta bancaria. No remate de curso devolverase o remanente, que pode manterse temén para o curso seguinte. Ante un dano, e mentres non se atope o responsable, pagarase a partes iguais asignándose o coste da reparación á fianza colectiva. Cando un alumno esgote a cantidade total da súa fianza repoñerá a mesma cantidade, independentemente da data do curso na que se atope.

9.– RESIDENCIA.

A residencia ofertada ó alumnado de Formación Profesional é un espazo educativo nos ámbitos da responsabilidade e madurez persoal e no exercicio das virtudes da convivencia e sociabilidade. Para iso cada residente ten encomendadas unhas responsabilidades e debe observar unhas normas elementais de convivencia e de respecto: horario, puntualidade, orde, limpeza, silencio nos momentos indicados para facilitar o traballo ou o descanso dos demais, etc. É requisito imprescindible para ser residente asinar previamente o documento de *Compromisos do alumno residente* (ver *Reglamento de Residencia*, onde se concreta todo o referente á Residencia).

Os aseos e outros espazos de uso común deben estar limpos e ordenados en todo momento. Pola mesma razón, o consumo de comida e bebida limitarase ós momentos previstos no comedor, non estando permitido o acceso con comida nin bebida ás habitacións. Ó igual que para a actividade do centro educativo, non está permitido traer comida nin bebida de fóra.

Nos tempos libres os alumnos teñen a posibilidade de participar en actividades deportivas, culturais, talleres, etc, e promoverase que o tempo de lecer sexa tamén formativo.

Normalmente os alumnos que precisen atención médica serán atendidos no Centro Médico de Coristanco. No caso de que despois non poida participar nas actividades académicas será conveniente que, conforme cos pais, vaia para o seu domicilio.

Sobre os danos ou carencias observadas nas instalacións ou mobiliario, darase conta inmediatamente ao profesor de garda. En caso de deterioro por uso negligente ou abusivo os responsable/s aboarán a reparación dos danos dacordo co indicado no apartado *Fianza*.

Os alumnos da ESO non poderán abandona-lo Centro nas horas libres; e os alumnos de FP (con autorización paterna), cando abandonen o Centro deberán comunicalo aos profesores de garda, o mesmo que cando estén de volta. Non se debe abandonar o Centro en horario lectivo. No caso de que un alumno teña que ausentarse do Centro en horario lectivo, deberá ser comunicado previamente polos pais ao titor ou a quen proceda. Se un alumno non chega na hora prevista ao Centro, o pai ou nai informarán á Dirección.

O uso da televisión estará determinado polos criterios de selección do equipo de profesores. Como se indicou no apartado 1, non está permitido fumar, nin o uso de vapeadores (cigarros electrónicos) en todo o recinto do Centro, tampouco nas horas nas que só están os residentes na EFA. Durante as semanas que a piscina estea operativa, respectaranse as indicacións recollidas no documento *Normativa básica para o uso e disfrute da piscina*.

V.-- CONDUCTAS PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS

En todo o relacionado coas faltas e sancións do persoal se estará suxeito ao procedemento específico determinado polas normas legais vixentes (Lei 4/2011 do 30 de xuño de Convivencia e participación da comunidade educativa da Xunta de Galicia e o Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro que a desenvolve). As condutas contrarias á normativa tipifícanse como leves ou graves e estarán suxeitas a sancións, segundo se sinala nos seguintes cadros resumo. Cómpre lembrar que o marco de referencia son as citadas leis vixentes, polo que as condutas que non estean especificadas no presente documento terán igualmente a consideración de faltas dacordo á lexislación indicada. No referente ó autobús ou saídas organizadas pola EFA, as sancións terán a mesma analoxía como se estivera no Centro.

Cando un alumno causara danos estará obrigado á indemnización dos mesmos, con independencia da sanción. En consideración de circunstancias atenuantes, durante a instrución correspondente, poderase reducir o grao de cualificación de faltas. Do mesmo xeito, considerarase circunstancia agravante o apercibimento previo.

A) FALTAS GRAVES:

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

-As agresións verbais, físicas ou psíquicas, as injurias, faltas de respecto ou ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa e as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

-Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

-Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos (como desobediencia directa ás ordes formais) que constitúan unha indisciplina grave.

-A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

-As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

-A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a manipulación, falsificación, alteración, substitución ou subtracción de documentos académicos e comunicados entre o Centro e as familias de alumnos. Igualmente, as accións encamiñadas a acadar información privada ou sobre documentos oficiais por medios ilícitos.

-O deterioro e mal uso do material e instalacións do centro ou doutros membros da comunidade educativa, así como a súa subtracción.

-Os actos inxustificables que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar. A non asistencia á clase e actividades reguladas sen xustificación, e a saída do Centro sen autorización.

-As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas, como a distribución, incitación ou consumo de vapeadores, tabaco ou droga ou a embriaguez.

-Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

-A introdución nas instalacións do Centro de persoas non autorizadas.

-A reiteración de faltas leves e o incumprimento das sancións impostas. O incumprimento reiterado das Normas de convivencia recollidas no Punto IV.

Medidas correctoras:

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixiadas coas seguintes medidas: realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro; suspensión temporal (período maior de dúas semanas) ou definitiva do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro; Suspensión temporal (período maior de dúas semanas) ou definitiva do servizo de transporte; Suspensión temporal (período maior de dúas semanas) ou definitiva do servizo de comedor; Suspensión temporal (período maior de dúas semanas) ou definitiva do servizo de residencia; Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas; suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes; cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras a suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes ou o cambio de centro.

B) FALTAS LEVES:

Supoñen unha transgresión lixeira e esporádica das obrigas que non implican malicia. Por exemplo: as faltas de puntualidade inxustificadas nas clases e actividades reguladas (non reiteradas); a perturbación puntual das actividades xerais do Centro; a falta de aseo persoal, hixiene e de normas elementais de educación así como das normas relativas ó modo de vestir e presenza; o deterioro da limpeza e uso do material do Centro; o uso puntual do teléfono móbil sen autorización previa; a asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases; e -en xeral- o incumprimento puntual das Normas de convivencia recollidas no Punto IV, que non revista gravidade.

Poderán determinarse como leves as condutas tipificadas no apartado B (Faltas graves) que non alcancen a gravidade requirida.

Medidas correctoras:

En función da gravidade, as faltas leves sancionaranse con: amoestación privada, amoestación pública (que non transcenda fora do ámbito no que se cometeu a falta);

comparecencia inmediata ante a persoa coordinadora da etapa, xefatura de estudos ou dirección; realización de traballos específicos en horario lectivo; realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro; suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias (período ata dúas semanas); suspensión temporal do servizo de transporte (período ata dúas semanas); suspensión temporal do servizo de comedor (período ata dúas semanas); suspensión temporal do servizo de residencia (período ata dúas semanas); suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases de ata tres días lectivos e suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. O titor levará o control de todas estas medidas correctivas.